**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE OUTUBRO DE 2022**

Ás 10:05 horas do día 5 de outubro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 30 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** Dª. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** Dª. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
Dª. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
Dª. Luz María Domínguez González, xefa do Departamento de Alcaldía (asiste aos puntos 8, 9b, 10b e 11c)
Dª. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 9a, 10a e 11d)
D. Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste ao punto 11e)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2b, 6 e 11b)
D. José Ángel Hermida Fernández, xefe do Servizo de Comercio (asiste ao punto 11a)
Dª. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 2a e 4)

**Secretaria:** Dª. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10.874-307) (emenda documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 1 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 29 de setembro de 2022, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. para que puidese emendar a documentación persoal. O licitador presentou a documentación dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**b) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9.887-113)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A *"Documentación persoal",* tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. AVENET IT, S.L. (lote 1)
  2. CONNECTIS ICT, S.A.U (lote 1)
  3. DATA BASE STORAGE, S.L. (lote 1)
  4. EDNON, S.L. (lote 1)
  5. ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L. (lote 2)
  6. INFORHOUSE, S.L. (lote 1)
  7. LOGICALIS SPAIN, S.L.U. (lote 1)

**4.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10.874-307)**

Procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B *"Proposición avaliable mediante xuízo de valor"* dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Conceder un prazo de tres días á UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L. para que poida emendar a proposición presentada dado que só está asinada polo representante de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

   Para isto poderá presentar un escrito no que o representante con poder de



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 2 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE DE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

representación de EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L. subscriba a proposición presentada o 27-09-2022 ás 12:55 horas. Se o licitador cre que a proposición avaliable a través de fórmula pode adoecer do mesmo erro, pode subscribila no mesmo escrito sen que en ningún caso nos desvele o seu contido.

2. Unha vez emendada a proposición, solicitar informe sobre as proposicións avaliables mediante xuízo de valor ao servizo xestor.

**6.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9.887-113)**

Procédese, en acto público, á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre C *"Proposición avaliable mediante fórmula"* dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

**LOTE1**

**AVENET IT S.L.**

1.- Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:

- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo A: 7,84 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo B: 50,44 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo C: 3,61 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo D: 54,28 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Sitches de fibra: 3,50 %

2.- Propón as seguintes melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 3 do PPT:

a) Melloras técnicas dos servidores de tipo A:

a.1.- Incremento en 260 do valor mínimo de 900 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks:

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

a.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 4 TB: si
- Memoria RAM de mais de 4 TB GB: non



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 3 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

b) Melloras técnicas dos servidores de tipo B:

b.1.- Incremento en 120 do valor mínimo de 400 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

b.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1.5 TB: non
- Memoria RAM de mais de 1.5 TB: non

c) Melloras técnicas dos servidores de tipo C:

c.1.- Incremento en 73 do valor mínimo de 200 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

c.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1 TB: non
- Memoria RAM de mais de 1 TB: non

d) Melloras técnicas dos servidores de tipo D:

d.1.- Incremento en 39 do valor mínimo de 200 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

d.2.-Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1 TB: non
- Memoria RAM de mais de 1 TB: non

3.- Incremento de garantía dos sistemas operativos:

a) Dos servidores de tipo A (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

b) Dos servidores de tipo B (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

c) Dos servidores de tipo C (RED HAT OPENSHIFT CONTAINER PLATFORM STANDARD) 12 meses a maiores do mínimo exixido: non



| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 4 de 37 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE DE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

d) Dos servidores de tipo D Red Hat Virtualization (Red Hat Enterprise Linux) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

**CONNECTIS ICT S.A.U**

1.- Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:

- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo A: 19,29 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo B: 53,83 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo C: 26,59 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo D: 51,01 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Switches de fibra: 0 %

2.- Propón as seguintes melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 3 do PPT:

a) Melloras técnicas dos servidores de tipo A:

a.1.- Incremento en 260 do valor mínimo de 900 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks:

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

a.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 4 TB: si
- Memoria RAM de mais de 4 TB GB: non

b) Melloras técnicas dos servidores de tipo B:

b.1.- Incremento en 120 do valor mínimo de 400 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

b.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1.5 TB: si
- Memoria RAM de mais de 1.5 TB: non

c) Melloras técnicas dos servidores de tipo C:

c.1.- Incremento en 73 do valor mínimo de 200 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

c.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1 TB: si
- Memoria RAM de mais de 1 TB: non

d) Melloras técnicas dos servidores de tipo D:

d.1.- Incremento en 39 do valor mínimo de 200 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

d.2.-Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1 TB: si
- Memoria RAM de mais de 1 TB: non

3.- Incremento de garantía dos sistemas operativos:

a) Dos servidores de tipo A (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

b) Dos servidores de tipo B (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

c) Dos servidores de tipo C (RED HAT OPENSHIFT CONTAINER PLATFORM STANDARD) 12 meses a maiores do mínimo exixido: non

d) Dos servidores de tipo D Red Hat Virtualization (Red Hat Enterprise Linux) 12 meses a maiores do mínimo exixido: non

**DATA BASE STORAGE S.L**

1.- Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:

- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo A: 6,28 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 6 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE DE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado



B: 50,90 %

- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo C: 43,81 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo D: 56,79 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Switches de fibra: 6,52 %

2.- Propón as seguintes melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 3 do PPT:

a) Melloras técnicas dos servidores de tipo A:

a.1.- Incremento en 260 do valor mínimo de 900 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks:

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

a.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 4 TB: si
- Memoria RAM de mais de 4 TB GB: non

b) Melloras técnicas dos servidores de tipo B:

b.1.- Incremento en 120 do valor mínimo de 400 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

b.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1.5 TB: non
- Memoria RAM de mais de 1.5 TB: non

c) Melloras técnicas dos servidores de tipo C:

c.1.- Incremento en 73 do valor mínimo de 200 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

c.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1 TB: non
- Memoria RAM de mais de 1 TB: non



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 7 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

d) Melloras técnicas dos servidores de tipo D:

d.1.- Incremento en 39 do valor mínimo de 200 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

d.2.-Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1 TB: non
- Memoria RAM de mais de 1 TB: non

3.- Incremento de garantía dos sistemas operativos:

a) Dos servidores de tipo A (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

b) Dos servidores de tipo B (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

c) Dos servidores de tipo C (RED HAT OPENSHIFT CONTAINER PLATFORM STANDARD) 12 meses a maiores do mínimo exixido: non

d) Dos servidores de tipo D Red Hat Virtualization (Red Hat Enterprise Linux) 12 meses a maiores do mínimo exixido: non

**EDNON, S.L.**

1.- Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:

- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo A: 5,12 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo B: 11,71 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo C: 6,91 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo D: 1,20 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Sitches de fibra: 0,12 %

2.- Propón as seguintes melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 3 do PPT:

a) Melloras técnicas dos servidores de tipo A:



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 8 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

a.1.- Incremento en 130 do valor mínimo de 900 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks:

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

a.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 4 TB: non
- Memoria RAM de mais de 4 TB GB: si

b) Melloras técnicas dos servidores de tipo B:

b.1.- Incremento en 1 do valor mínimo de 400 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

b.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1.5 TB: non
- Memoria RAM de mais de 1.5 TB: non

c) Melloras técnicas dos servidores de tipo C:

c.1.- Incremento en 1 do valor mínimo de 200 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

c.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1 TB: non
- Memoria RAM de mais de 1 TB: non

d) Melloras técnicas dos servidores de tipo D:

d.1.- Incremento en 70 do valor mínimo de 200 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

d.2.-Incremento das características técnicas da memoria RAM:



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 9 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

- ➢ Memoria RAM de 1 TB: non
- ➢ Memoria RAM de mais de 1 TB: non

3.- Incremento de garantía dos sistemas operativos:

a) Dos servidores de tipo A (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

b) Dos servidores de tipo B (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

c) Dos servidores de tipo C (RED HAT OPENSHIFT CONTAINER PLATFORM STANDARD) 12 meses a maiores do mínimo exixido: non

d) Dos servidores de tipo D Red Hat Virtualization (Red Hat Enterprise Linux) 12 meses a maiores do mínimo exixido: non

**INFORHOUSE, S.L.**

1.- Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:

- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo A: 4,62 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo B: 32,15 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo C: 17,12 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo D: 16,14 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Sitches de fibra: 7,55 %

2.- Propón as seguintes melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 3 do PPT:

a) Melloras técnicas dos servidores de tipo A:

a.1.- Incremento en 200 do valor mínimo de 900 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks:

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

a.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- ➢ Memoria RAM de 4 TB: ....
- ➢ Memoria RAM de mais de 4 TB GB: si




| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 10 de 37 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO
Documento asinado

b) Melloras técnicas dos servidores de tipo B:

b.1.- Incremento en 191 do valor mínimo de 400 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

b.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1.5 TB: ....
- Memoria RAM de mais de 1.5 TB: si

c) Melloras técnicas dos servidores de tipo C:

c.1.- Incremento en 220 do valor mínimo de 200 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

c.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1 TB: ....
- Memoria RAM de mais de 1 TB: si

d) Melloras técnicas dos servidores de tipo D:

d.1.- Incremento en 220 do valor mínimo de 200 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

d.2.-Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1 TB: ....
- Memoria RAM de mais de 1 TB: si

3.- Incremento de garantía dos sistemas operativos:

a) Dos servidores de tipo A (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

b) Dos servidores de tipo B (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

c) Dos servidores de tipo C (RED HAT OPENSHIFT CONTAINER PLATFORM



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 11 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO
Documento asinado

STANDARD) 12 meses a maiores do mínimo exixido: non

d) Dos servidores de tipo D Red Hat Virtualization (Red Hat Enterprise Linux) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

**LOGICALIS SPAIN, S.L.U.**

1.- Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:

- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo A: 0 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo B: 0 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo C: 22,79 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo D: 0 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Switches de fibra: 0 %

2.- Propón as seguintes melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 3 do PPT:

a) Melloras técnicas dos servidores de tipo A:

a.1.- Incremento en 370 do valor mínimo de 900 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks:

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

a.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 4 TB: si
- Memoria RAM de mais de 4 TB GB: non

b) Melloras técnicas dos servidores de tipo B:

b.1.- Incremento en 155 do valor mínimo de 400 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

b.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1.5 TB: si



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 12 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE DE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

- Memoria RAM de mais de 1.5 TB: non

c) Melloras técnicas dos servidores de tipo C:

c.1.- Incremento en 118 do valor mínimo de 200 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

c.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1 TB: non
- Memoria RAM de mais de 1 TB: non

d) Melloras técnicas dos servidores de tipo D:

d.1.- Incremento en 118 do valor mínimo de 200 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

d.2.-Incremento das características técnicas da memoria RAM:

- Memoria RAM de 1 TB: non
- Memoria RAM de mais de 1 TB: non

3.- Incremento de garantía dos sistemas operativos:

a) Dos servidores de tipo A (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

b) Dos servidores de tipo B (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

c) Dos servidores de tipo C (RED HAT OPENSHIFT CONTAINER PLATFORM STANDARD) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

d) Dos servidores de tipo D Red Hat Virtualization (Red Hat Enterprise Linux) 12 meses a maiores do mínimo exixido: si

**- LOTE 2:**

**ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L.**

Propón como prezo sen IVE do contrato o de 103.197,00 euros.



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 13 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Asisten á apertura D. Carlos Lorán García con DNI **.*90.78*, en representación de INFORHOUSE S.L., D. Abraham Rosell Claveras con DNI **.*36.32*, en representación de LOGICALIS SPAIN S.L.U. e Dª. Verónica Torres Cepeda con DNI **.*47.92*, en representación de la empresa EDNON, S.L.

Finalizada a apertura das proposicións, a Mesa comproba que no lote 2 a única oferta presentada non contén valores anormais ou desproporcionados segundo o criterio da cláusula 18 do PCAP e acorda outorgar a ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L. a máxima puntuación (100 puntos) ao abeiro do previsto na cláusula 16.3.

En base ao anterior, a Mesa, por unanimidade:

1. Solicitar informe de valoración das proposicións avaliables a través de fórmula do lote 1 ao servizo xestor.
2. Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación en relación co lote 2:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición admitida no lote 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9.887-113) na seguinte orde descendente:

| Orde | Licitador | Puntuación |
|---|---|---|
| 1 | ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L. | 100 puntos |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L. (B-15.123.177), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 3, 4 e 7)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 19 de setembro de 2022, en cumprimento do acordado na sesión do 15 de setembro, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 14 de 37
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

LCSP cos seguintes licitadores:

1. GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN (Lotes 3 e 7)
2. PANADERÍA EL TRIGAL CELTA (Lote 4)

Durante o prazo concedido só presentou documentación GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, da que se deu traslado ao servizo xestor.

A xefa do Departamento de Alcaldía o 28 de setembro de 2022 emitiu informe sobre a xustificación presentada.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN (Lotes 3 e 7)
2. PANADERÍA EL TRIGAL CELTA (Lote 4)

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora de accesibilidade da contorna do Centro de Saúde de Teis" (1.271-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos o 26 e 27 de setembro de 2022 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Departamento de Alcaldía o 28 de setembro de 2022 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**10.- Propostas de clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora de accesibilidade da contorna do Centro de Saúde de Teis" (1.271-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á concelleira



Documento asinado
ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 15 de 37
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora de accesibilidade da contorna do Centro de Saúde de Teis" (1.271-441) na seguinte orde descendente:

| Orde | Licitadores | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. | 89,00 |
| 2 | UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U - AVAN INTEGRAL S.L. | 31,78 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 3, 4 e 7)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe da xefa do Departamento de Alcaldía do 28 de setembro de 2022:

1. GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN (Lotes 3 e 7)
2. PANADERÍA EL TRIGAL CELTA (Lote 4)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) na seguinte orde descendente:

- LOTE 3 SERVIZO DE CATERING PARA APERITIVO OU CÓCTEL CON DOCES



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO
Documento asinado

| Orde | Licitadores | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | LUCIMARCA, S.L | 30,00 |
| 2 | PANADERIA EL TRIGAL CELTA | 00,00 |

- LOTE 4 SERVIZO DE CATERING PARA VINO ESPAÑOL

| Orde | Licitadores | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN | 100,00 |
| 2 | LUCIMARCA, S.L | 14,32 |

- LOTE 7 SUBMINISTRO DE AUGA EMBOTELLADA PARA ACTOS, EVENTOS E REUNIÓNS

| Orde | Licitadores | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | LUCIMARCA, S.L. | 100,00 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LUCIMARCA, S.L. (lotes 3 e 7) (B-66.000.498) e GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (lote 4) (B-27.847.508), para que presenten, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

   Dado que GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. xa presentou documentación para os lotes 1, 2, 5 e 6 nos que resultou clasificado en primeiro lugar, unicamente deberá presentar a garantía definitiva e o nomeamento do delegado deste lote conforme ao modelo do Anexo IV do PCAP)".

**11.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lémbrase que o 23 de setembro de 2022 se notificou a EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. (lote 1) e ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (lotes 2 e 3) a resolución de clasificación deste procedemento co requirimento da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP. Durante o prazo concedido os dous licitadores presentaron documentación.

Despois de revisada, a Mesa acorda, por unanimidade:



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE DE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 17 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

1. Conceder un prazo de 3 días a EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. (lote 1) para que poida emendar a documentación acreditativa da solvencia técnica segundo o esixido no apartado 5 do Anexo I -FEC- e na cláusula 8.8.3º do PCAP:

   *"Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación".*

O licitador achegou declaracións responsables do terceiro a cuxa solvencia recorre sen acompañalas de documentación que acredite a realización das prestacións.

2. Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) (lotes 2 e 3)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 14 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para contratar por procedemento aberto a subministración e a prestación do servizo para a ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal durante as Campañas do Nadal 2022-2023, 2023-2024 e 2024-2025, desde o 1 de novembro do primeiro ano da Campaña do Nadal correspondente ata o 20 de xaneiro do ano seguinte.*

*SEGUNDO.- Aprobar o proxecto decorativo como prego de prescricións técnicas así como o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 08/07/2022.*



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 18 de 37 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

*TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 1.875.802,50 €, que inclúe un IVE de 325.552,50 €, desde o 1 de novembro de 2022 ata o 25 de xaneiro de 2025, o cal se imputará a partida 4310 2279901 "Programa de decoración y animación Nadal" tal e como se desglosa a continuación:*

| *Ano* | *Período* | *Importe* |
|---|---|---|
| *2022* | *1 de novembro de 2022 ata 31 de decembro de 2022* | *500,214.00 €* |
| *2023* | *1 de xaneiro de 2023 ata 31 de decembro de 2023* | *625,267.50 €* |
| *2024* | *1 de xaneiro de 2024 ata 31 de decembro de 2024* | *625,267.50 €* |
| *2025* | *1 de xaneiro de 2025 ata o 20 de xaneiro de 2025* | *125,053.50 €* |

*CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de setembro de 2022, de SA GLOBALL CONCEPT no lote 3 por non axustarse ao recollido no prego de prescricións técnicas particulares (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do PCAP.)*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) na seguinte orde descendente:*

*Lote nº 1: escenas figurativas de nadal vexetais e non vexetais*

| ***Orde*** | ***Licitador*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| *1* | *EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L.* | *69,50 puntos* |

*Lote nº 2: instalacións decorativas lumínicas transitables*

| ***Orde*** | ***Licitador*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| *1* | *ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.* | *99,00 puntos* |



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 19 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*Lote nº 3: instalacións lumínicas non transitables*

| ***Orde*** | ***Licitador*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| *1* | *ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.* | *97,00 puntos* |
| *2* | *EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L.* | *50,52 puntos* |

*Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. (lote 1) (B-15.520.935) e ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (lotes 2 e 3) (A-14.041.362) para que presenten, no prazo de dez días hábile, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrase que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F das FEC do PCAP ("documentación expedida pola Delegación de Industria de estar en posesión do Certificado de Empresa Instaladora de equipos e instalacións eléctricas").*

   ** No caso de EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. ao ter presentado documentación no sobre A e en trámite de emenda, non é necesario que achegue a seguinte documentación: escritura de constitución, poder e DNI do apoderado, anexo V do PCAP e acreditación da habilitación profesional.*

3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. (lote 1) e ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (lotes 2 e 3), o día 23 de setembro de 2022. O segundo presenta a documentación requirida o 29 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**<u>FUNDAMENTOS XURÍDICOS</u>**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 20 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 2 e 3, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. para os lotes 2 e 3, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 9 e 16 de setembro de 2022, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de setembro de 2022, de SA GLOBALL CONCEPT no lote 3 por non axustarse ao recollido no prego de prescricións técnicas particulares (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do PCAP).*

2. *Adxudicar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (A-14.041.362) o lote nº 2 "Instalacións decorativas lumínicas transitables" do procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) coas seguintes condicións:*

   *a) O prezo total do lote é de 790.614,00 euros, sendo a cota correspondente o IVE a de 137.214,00 euros.*

   *b) As seguintes melloras:*

      *b.1. Achega 2 novos elementos figurativos en 3D transitables no interior, con características técnicas similares ao proxecto inicial, e cunha temática de nadal e cun volume de 8 $m^3$.*

   *c) Incrementa o stock mínimo para a substitución ou intercambio por enriba do mínimo fixado no PPT (10%) nun 5 %.*



Documento asinado
ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO


| | |
|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 · Páxina 21 de 37 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

3. *Adxudicar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (A-14.041.362) o lote nº 3 "Instalacións lumínicas non transitables" do procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) coas seguintes condicións:*

   *a) O prezo total do lote é de 329.059,50 euros, sendo a cota correspondente o IVE a de 57.109,50 euros.*

   *b) As seguintes melloras:*

   *b.1. Achega 2 novos elementos lumínicos 3D, con aporte de elementos figurativos en 3D, e cun volume mínimo de 4 m³ por elemento, de características técnicas similares ao proxecto inicial, e cunha temática de nadal.*

   *c) Incrementa o stock mínimo para a substitución ou intercambio por enriba do mínimo fixado no PPT (10%) nun 5 %.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (8.837-113)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (8.837-113)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 2 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:



Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 22 de 37 |
| --- | --- | --- |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación dos Servizos asociados ó asesoramento e adaptación ó marco normativo en materia de protección de datos.*

*- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 30/04/2020 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.*

*- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 01/05/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.*

*- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 29/03/2022 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica.*

*- Memoria xustificativa do contrato de data 03/05/2022, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.*

*- Memoria económica do contrato de data 05/05/2022, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.*

*- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 06/05/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.*

*- Informe da Xefa Servizo de Contratación de data 09/05/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.*

*- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 27/05/2022.*

*SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 30.000,00 €, que inclúe un IVE de 5.206,61 €, dende o 1 de Xullo de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:*

| *Exercicio* | *Concepto* | *Partida* | *Base* | *IVE* | *TOTAL* |
|---|---|---|---|---|---|
| *2022* | *SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS* | *9207.2270603* | *16.528,93 €* | *3.471,07 €* | *20.000,00 €* |
| *2023* | *SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS* | *9207.2270603* | *8.264,46 €* | *1.735,54 €* | *10.000,00 €* |

*TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 23 de 37
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de agosto de 2022, de FORMAS, SISTEMAS Y SOLUCIONES, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I – FEC- do PCAP*

*Segundo.- Excluír deste procedemento a SEGURDADES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.*

*Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (8.837-113) na seguinte orde descendente:*

| ***Orde*** | ***Licitadores*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| *1* | *APDTIC PROFESIONALES, S.L.* | *93.00* |
| *2* | *GRUPO UNIVE SERVICIOS JURÍDICOS, S.L* | *85.82* |
| *3* | *TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.* | *77.86* |
| *4* | *CONVENCE ABOGADOS, S.L.* | *68.41* |

*Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, APDTIC PROFESIONALES, S.L. (B-70.487.053), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, APDTIC PROFESIONALES, S.L., o día 5 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 16 de setembro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 22 de setembro de 2022 acordou conceder un prazo de 3 días a APDTIC PROFESIONALES, S.L. para que puidese emendar a acreditación da solvencia técnica. Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación o 29 de setembro de 2022.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 24 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar APDTIC PROFESIONALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por APDTIC PROFESIONALES, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 27 de xullo e 29 de agosto de 2022, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de agosto de 2022, de FORMAS, SISTEMAS Y SOLUCIONES, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I – FEC- do PCAP.*

2. *Tomar razón da exclusión de SEGURDADES, S.L., adoptada pola concelleira delegada de Contratación o 2 de setembro de 2022, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.*



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 25 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO
Documento asinado

3. *Adxudicar a APDTIC PROFESIONALES, S.L. (B-70.487.053) o procedemento aberto para a contratación dos servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (8.837-113) coas seguintes condicións:*

   a) *O prezo total do contrato é de 30.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.206,61 euros, cunha porcentaxe de desconto do 54,5% a aplicar aos prezos unitarios da parte variable recollidos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

| | **Importe total** | **IVE** |
|---|---|---|
| **Parte fixa** | 6.825,00 € | 1.184,50 € |
| **Parte variable** | 23.175,00 € | 4.022,11 € |
| **Total** | 30.000,00 € | 5.206,61 € |

   b) *Propón a seguinte formación:*

   - *10 sesións de formación con carácter anual e de forma gratuíta para o Concello, dunha hora cada unha delas, en materia de protección de datos.*
   - *2 cursos para cargar na plataforma on line de formación do Concello cos requisitos previstos no apartado 7.B.2.b da FEC do PCAP.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 1, 2, 5 e 6)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 26 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO
Documento asinado

institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 1, 2, 5 e 6)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 18 de agostos de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Declarar a urxencia da tramitación do procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo. Expediente 19157-101.*

*Segundo.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 11 de agosto de 2022 asinado pola Xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 17 de agosto de 2122, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.*

*Terceiro .- Autorizar un gasto polo importe da licitación 110.149,68 € (co ive incluído) sendo o importe do 10% de ive 10.013,61 €. Sendo a única anualidade do 1 de outubro de 2022 ao 30 de setembro de 2023. Sendo a única anualidade para cada lote a seguinte: LOTE 1 Ano 2022: 2.635,14 € / Ano 2023: 7.905,50 €; LOTE 2 Ano 2022: 3.293,94 € / Ano 2023: 9.881,86 €; LOTE 3 Ano 2022: 3.293,94 € / Ano 2023: 9.881,86 € LOTE 4 Ano 2022: 4.611,51 € / Ano 2023: 13.834,61 €; LOTE 5 ano 2022: 9.881,85 € / Ano 2023: 29.645,55 €; LOTE 6 Ano 2022: 3.162,18 € / Ano 2023: 9.486,58 €; LOTE 7 Ano 2022: 658,77 € / Ano 2023: 1.976,39 €*
*Este gasto podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) dos orzamentos de Alcaldía ou a sua bolsa de vinculación.*

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) na seguinte orde descendente:*

- ***LOTE 1: (almorzo ou coffe break)***

| ***Empresas licitadoras*** | ***Total puntos*** |
|---|---|
| *GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN* | *100,00* |
| *LUCIMARCA, S.L* | *36,80* |
| *EL TRIGAL CELTA, S.L.* | *00,00* |

- **LOTE 2: (cafes e infusións para roldas de prensa)**

| ***Empresas licitadoras*** | ***Total puntos*** |
|---|---|
| *GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN* | *100,00* |
| *LUCIMARCA, S.L* | *00,00* |

- **LOTE 5: (servizo de catering xantar ou cea)**

| ***Empresas licitadoras*** | ***Total puntos*** |
|---|---|
| *GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN* | *80,00* |
| *LUCIMARCA, S.L* | *12,80* |

- **LOTE 6: (Bolsa brunch ou almorzos empaquetados)**

| ***Empresas licitadoras*** | ***Total puntos*** |
|---|---|
| *GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN* | *98,40* |
| *LUCIMARCA, S.L* | *49,00* |
| *PANADERIA EL TRIGAL CELTA* | *0,00* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN (B-27847508) nos lotes 1, 2, 5 e 6 para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L., o día 16 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 21 e 22 de setembro de 2022, dentro do prazo concedido. Rematado o prazo, o licitador achega nova documentación os días 4 e 5 de outubro.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2022 admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 28 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE DE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO
Documento asinado

unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliables mediante fórmula de data 13 de setembro de 2022.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508) os lotes 1, 2, 5 e 6 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 1, 2, 5 e 6) coas seguintes condicións:*

*- LOTE 1: Servizo de catering para almorzo ou "coffe break" (recesos de charlas, reunións de traballo, plenos, cursos ou calquera evento)*

*a) O prezo máximo do lote é de 10.540,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 958,24 euros, cun prezo unitario de 4,91 euros.*



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 29 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

b) *Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (4 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 1 do PPTP) en 4 unidades.*
c) *Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 2 unidades.*

*- LOTE 2: Servizo de catering para cafés e infusións para roldas de prensa*

a) *O prezo máximo do lote é de 13.175,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.197,80 euros, cun prezo unitario de 2,36 euros.*
b) *Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (1 produto segundo a cláusula 8. B. lote 2 do PPTP) en 3 unidades.*
c) *Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 1 unidade.*

*- LOTE 5: Servizo de catering para xantar ou cea*

a) *O prezo máximo do lote é de 39.527,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.593,40 euros, cun prezo unitario de 35,34 euros.*
b) *Incrementa o nº de unidades de entremeses varios salgados sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (4 unidades) en 3 unidades.*
c) *Incrementa o nº de unidades de sobremesa doce sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (3 unidades) en 3 unidades.*
d) *Incrementa o número de camareiros/as uniformados para cada mesa sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (1 camareiro/a por mesa) en 1 unidade.*

*- LOTE 6: Bolsa "brunch" ou almorzos empaquetados para eventos informais fora de instalacións municipais*

a) *O prezo máximo do lote é de 12.648,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.149,89 euros, cun prezo unitario de 9,56 euros.*
b) *Incrementa o número mínimo do tipo de produtos (4 tipos) segundo a cláusula 8. B. lote 6 do PPTP en 1 unidade.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do Colexio Vila Laura" (1.229-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 30 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do Colexio Vila Laura" (1.229-441)

**<u>ANTECEDENTES</u>**

**Primeiro.-** Con data do 2 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO VILA LAURA", redactado polo Arquitecto Angel Santorio Cuartero*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10 de maio de 2022.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCENTOS CATORCE MIL CATROCENTOS TRINTA E CATRO EUROS con SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (414.434,64 €), sendo o importe corresponde ao IVE de 71.926,67 €.*

*Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 3230.622.00.60 (Investimentos en cubertas de colexios Villalaura-Frian), provinte da modificación orzamentaria nº12/2022 – Crédito extraordinario e Suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais- (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:*

| | |
|---|---|
| *2022* | *414.434,64 €* |

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do*



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 31 de 37 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*proxecto de "Cubrición do patio do Colexio Vila Laura" (1.229-441) na seguinte orde descendente:*

| *Orde* | *Licitador* | *Puntuación total* |
|---|---|---|
| *1* | *PROSEMA NOROESTE, S.L.* | *80,46* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, S.L. (B-70.382.064), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, S.L., o día 23 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 3 de outubro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PROSEMA NOROESTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 32 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PROSEMA NOROESTE, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 31 de agosto e 13 de setembro de 2022, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a PROSEMA NOROESTE, S.L. (B-70.382.064) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do Colexio Vila Laura" (1.229-441) por un prezo total de 384.538,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 66.738,00 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**e) Procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3.230-341)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3.230-341)

**ANTECEDENTES**



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 33 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

**Primeiro.-** Con data do 28 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e simplificado, de póliza de seguro todo risco de danos materiais para as coleccións do Patrimonio Cultural adscritas á Concellería de Cultura.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescripcións técnicas e os seus anexos que rexerá a citada contratación, de data 9 de xuño de 2022, redactados polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo Director do Museo Municipal "Quiñones de León".*

*3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 22 de xullo de 2022, redactado pola xefa do Servizo de Contratación.*

*4º.- Autorizar o gasto por importe total de 66.000 € (sesenta e seis mil), sen IVE ao estar os contratos de seguros exentos de IVE, con cargo á aplicación orzamentaria 3330.224.0000 ("Seguros coleccións e inmobles") do orzamento municipal según o seguinte:*

*- Anualidade 2022: 33.000 €*
*- Anualidade 2023: 33.000 €*

*5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 22 de setembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3.230-341) na seguinte orde descendente:*

| ***Orde*** | ***Licitador*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| *1* | *LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA* | *99.00* |
| *2* | *MAPFRE* | *51.34* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA (CIF W0069547H – VIES LU31093457), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 20.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:*

1. *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida na cláusula 21.*



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 34 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

2. *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida na cláusula 8.8.3º*
3. *Acreditación da habilitación profesional esixida na cláusula 8.8.4º".*

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA, o día 23 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida os días 3 e 4 de outubro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA, de acordo co informe de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante fórmula" de data 7 de setembro de 2022.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 35 de 37 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*"Adxudicar a LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA (CIF W0069547H – VIES LU31093457) o procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3.230-341) por un prezo total para as dúas anualidades de 49.556,20 euros (exento de IVE).*

*1.-* Propón como prezo total do contrato para as dúas anualidades o de 49.556,20 euros.

2.- Incrementa o límite mínimo por viaxe e/ou expedición sinalado na cláusula cuarta do PPT (600.000,00 euros) en 400.000 euros. Total 1.000.000 euros.

3.- Inclúe na oferta a cobertura automática para aquelas exposicións temporais organizadas pola Concellería de Cultura do Concello de Vigo, realizadas en base a elementos propiedade de terceiros, baixo calquera réximen de custodia.

4.- Inclúe na oferta as seguintes coberturas:

- *Inclusión da cobertura para os danos sufridos polos bens asegurados por cambios de temperatura e humidade no ambiente, condensación, influencia progresiva do frío e a calor, danos por cambios de cor producidos pola acción da luz natural ou artificial ou por calquera outra causa.*
- *Inclusión da cobertura para os danos por contaminación, polución ou calquera outro tipo de residuo, así como o custo de extracción dos materiais contaminantes e os gastos para substituír o ben danado.*
- *Inclusión da cláusula de renuncia á subrogación de dereitos, mediante a cal o asegurador renuncia expresamente a subrogarse nos dereitos do asegurado para exercitar calquera acción de recobro como consecuencia da indemnización dun sinistro contra embaladores, carrexadores e propietarios da sala que alberga a exposición ou calquera outra persoa ou entidade relacionada co manexo, transporte e instalación das obras aseguradas, excepto cando os danos indemnizados fosen causados por neglixencia grave ou conduta dolosa das devanditas persoas ou entidades.*
- *Inclusión da cláusula de exoneración de transportistas, mediante a que a aseguradora exonerará de responsabilidade ao transportista fronte ás mercadorías con suxeición aos seguintes casos.*
    - *Operacións de carga, descarga e transporte (non se inclúe neste apartado os danos que as mercadorías poidan causar a terceiros)*
    - *Sempre que non exista falta grave do transportista.*
- *Inclusión de cláusula de divisas.*
- *Inclusión de cláusula de gastos de recompensa e recuperación de obxetos perdidos (25.000 €)*
- *Inclusión de cláusula de limpeza de escombros (50.000€)*



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 36 de 37 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- *Inclusión de cláusula de arbitraxe.*
- *Inclusión de cláusula de gastos por transporte e almacenaxe durante as situacións de emerxencia (50.000 € 12 meses)*
- *Inclusión de cláusula por falecemento de artista (200% máximo 150.000€)*
- *Inclusión de cláusula de título defectuoso (100.000€)*
- *Inclusión de cláusula de 72 horas.*
- *Inclusión de cláusula por insuficiencia de embalaxe.*
- *Inclusión de cláusula de franquía do Consorcio de Compensación de seguros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL ) 06/10/2022 10:05:38 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 06/10/2022 10:44:55 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTORICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 07/10/2022 13:57:12 | CONCELLEIRA SEGURIDADE CONTRATACION E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 10/10/2022 12:54:20 | TECNICO MEDIO

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 15:51 | Páxina 37 de 37
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AFAB4E-E3BAAC-8BAA2D-13G4HP-CGZGVY-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv